

NOTA DE PRENSA

O secretario da Real Academia Española, Darío Villanueva, salienta o “enorme impacto publicitario” que a novela *La Casa de la Troya* lle segue a aportar á Universidade de Santiago

Esta mañá presentouse unha nova edición en inglés do libro

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia acolleu esta mañá a presentación dunha nova edición en inglés da novela de Alejandro Pérez Lugín *La Casa de la Troya*. Iniciativa da editorial galega *Camiño do Faro*, é unha revisión doutra realizada en Boston en 1922. O profesor **Darío Villanueva**, ex reitor da Universidade de Santiago e actual secretario da Real Academia Española, que participa na introdución, deu a súa visión deste proxecto.

O profesor **Villanueva** lembrou que a novela publicouna en 1915 un antigo alumno da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago. E salientou que “foi un libro de éxito inmediato. O ano da súa publicación tivo xa tres edicións, e en 1916 sobreveulle o recoñecemento académico grazas ao premio Fastenrath da Real Academia Española”. Sinalou que xa se teñen publicado máis dun centenar de edicións, o que a sitúa entre as obras con maior número de edicións en lingua española. Ademais, foi obxecto de varias traducións, tres delas ao inglés.

Villanueva indicou que as razóns do éxito desta obra débense a que é unha “novela lixeira, romántica, de fácil lectura e simpática”. Ademais, apuntou que na súa tradución ao inglés “puido influír a existencia nos países anglosaxóns dunha tradición de novelas de *campus* ou de *college*, ambientadas na vida universitaria”.

Villanueva salientou o “enorme impacto publicitario” que a novela de Alejandro Pérez Lugín lle aportou á Universidade de Santiago de Compostela. Declarou que esta nova edición en inglés constitúe “outra proba máis da vixencia da novela e continuará contribuíndo á expansión universal da fama da Universidade compostelá”. E recoñécelle á invención de Pérez Lugín “este mérito de ter posto á nosa Universidade no imaxinario colectivo de tantas xentes de varios países”.

Na súa intervención, o secretario da Real Academia Española afirmou que “*La Casa de la Troya* ten máis de novela romántica que de novela universitaria”. E apuntou que Pérez Lugín a ambientou en Santiago “sen outras pretensións que facer un canto á estudantina, pero que ten contribuído de xeito impredecible e impagable á popularidade xeralizada da súa Universidade”.

Os visitantes estranxeiros do museo poderán adquirir o libro en inglés

A Asociación de Antigos Tunos Composteláns é a entidade que na actualidade xestiona o Museo Casa da Troia. O seu presidente, **Benigno Amor**, manifestou que “*La Casa de la Troya* é unha novela moi coñecida e divulgada tanto en España como en Iberoamérica. Agora, grazas a esta nova edición, chegará tamén aos países de fala anglosaxoa, xa que as edicións anteriores que se fixeron en lingua inglesa non son doadas de atopar”. E sinalou que “contribuirá a incrementar o número de exemplares da obra entre os turistas e peregrinos procedentes de distintos países de todo o mundo que visitan o museo”.

Na súa intervención, **Amor** agradeceu ao profesor **Darío Villanueva** a súa “activa colaboración” coa Asociación de Antigos Tunos Composteláns e en particular co Museo Casa da Troia durante os anos que foi reitor da Universidade de Santiago.

Diversos expertos afondan nesta obra de éxito internacional

No acto interveu tamén o escritor **Matías Membiela**, director da editorial *Camiño do Faro*, que falou sobre a elaboración da novela e aludiu ás vivencias de Pérez Lugín na comarca das Mariñas e nas cidades de Santiago de Compostela e Madrid. Así mesmo, comentou as diferentes edicións de *La Casa de la Troya*, con especial referencia a esta nova edición en lingua inglesa.

Pola suá parte, o xornalista **Albino Mallo** achegouse aos best-sellers que se publican en castelán a partir do inglés orixinal. E centrouse en *La Casa de la Troya* como un exemplo relevante do caso contrario.

E o profesor **Lucindo Javier Membiela** tratou as linguas e dialectos sociolóxicos que se empregan ao longo da trama da novela. Ademais, referiuse a algúns dos feitos escritos por Lugín aos que non se lle ten dado a suficiente relevancia, así como as “artificiosas sobrecargas” que ten sufrido esta obra ao longo do tempo.

PRENSA_ 981 554 407 _ 639 768 929 www.vialactea.es

www.lacasadelatroya.org